




## SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VINCULADAS Á PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ALUMEADO PÚBLICO

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2025

### REUNIDOS




Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.


Doutra parte, Fernando Javier Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

### EXPOÑEN



**Primeiro.** Con data 31 de xaneiro de 2025, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou co concello de Vilasantar un convenio de colaboración para a mellora das infraestruturas vinculadas á prestación do servizo municipal de alumeado público.



Con data 27 de xuño de 2025, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Vilasantar asinaron unha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Vilasantar para mellora das infraestruturas vinculadas á prestación do servizo municipal de alumeado público, co obxecto de ampliar o prazo de execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención ata o 1 de novembro de 2025. Esta modificación ten a súa xustificación na solicitude de ampliación do prazo de execución dos traballos



de 4 meses, asinada polo director de obra e coordinador de Seguridade e Saúde, Jesús Manuel Mallo Puga, e co fin da obtención dos materiais necesarios para a correcta execución das obras segundo a documentación técnica correspondente.

**Segundo.** O 7 de outubro de 2025 o Concello de Vilasantar solicita unha ampliación do prazo para a execución dos traballos de mellora das infraestruturas vinculadas á prestación do servizo municipal de alumeadado público e para a presentación da documentación xustificativa da subvención concedida, ata o 30 novembro de 2025.

**Terceiro.** Na cláusula primeira do convenio establécese a contía total do proxecto subvencionado cun orzamento total de 331.896,95 € (IVE incluído).

Na cláusula terceira do convenio establécese a contía que achega a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que é CORENTA E NOVE MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (49.784,55, €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025.

O Concello de Vilasantar tamén solicita que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes amplíe a súa achega económica en 16.726,77 €, de xeito que que a contía que se recollía na cláusula terceira do convenio asinado, que era de 49.784,55 € (o 15 % do importe total do proxecto) pase a ser de SESENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS ONCE CON TRINTA E DOU CÉNTIMOS 66.511,32 € (o que suporía o 19,88 % do importe total do proxecto), con cargo a aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025.

**Cuarto.** A solicitude de ampliación do prazo de execución das obras, do prazo de presentación da documentación xustificativa e da modificación da contía á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes vén motivada pola resolución do IDAE de modificación do prazo de execución e da concesión dun anticipo xunto co que indica unha minoración da subvención concedida, sendo o novo importe da subvención de 268.010,77€ e sendo o novo custe do proxecto actualizado de 334.521, 59 €. Achégase como anexo I a esta addenda o importe do orzamento total actualizado.

**Quinto.** Co fin de estudar a proposta do concello, con data 15 de outubro de 2025 reuniuse a Comisión Mixta, integrada por dous representantes da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes do Concello de Vilasantar, a cal propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración para a mellora das infraestruturas vinculadas á prestación do servizo municipal de alumeadado público.

Á vista do exposto, as partes reunidas **ACORDAN:**

- A modificación do prazo establecido para a execución das actuacións subvencionadas e para a presentación da documentación xustificativa, establecido na cláusula sexta do convenio, ata o día 30 de novembro de 2025.
- A modificación do importe total do proxecto, de 331.896,95 €, que ascende á 334.521, 59 € e a ampliación da achega da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en 16.726, 77 €, o que supón o total de 66.511,32 € (o 19,88 % do orzamento total do proxecto).

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento no lugar e data ao principio indicados.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza  
e Deportes

  
  
Diego Calvo Pouso

O alcalde do Concello Vilasantar

Fernando Javier Pérez Fernández





ANEXO I

**SUBVENCIÓN MODIFICADA IDAE**

**Inversión del proyecto, costes elegible y subvencionable admitidos y cuantía de la ayuda tras la fase de formalización de contratos (resolución modificativa):**

Municipio	Vilasantar	Medida 4	Instalación	Concello de Vilasantar
Tecnología	Inversión total (€)	Coste elegible admitido (€)	*Coste subvencionable (€)	Ayuda propuesta (€)
Instalaciones de alumbrado	334.521,59	315.306,79	315.306,79	268.010,77
<b>Total</b>	<b>334.521,59</b>	<b>315.306,79</b>	<b>315.306,79</b>	<b>268.010,77</b>

*\*En medidas 2 y 3, el coste subvencionable se ha obtenido de acuerdo al método de cálculo establecido para cada tipo de instalación en el Anexo I del Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto.*

TOTAL COSTE PROXECTO MODIFICADO: 334.521,59 €

SUBVENCIÓN MODIFICADA IDAE: 268.010,77 €

TOTAL CONVENIO XUNTA: 49.784,55 €

Importe que se necesita a maiores para cubrir o 100% do Custe: 16.726,27 €